

**Resolución do 27 de setembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.**

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

**ACORDOU:**

**Primeiro: Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.**

De conformidade co establecido na base sétima, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso.

**Segundo: Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.**

De conformidade co establecido na base sétima, acordou facen públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso que figuran como Anexo á presente resolución e con indicación das causas de exclusión.

**Terceiro: Emendas**

De conformidade co establecido na base sétima, os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas provisionais, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Todas as emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as, só poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, de Santiago de Compostela (A Coruña):
  - de luns a xoves: de 09:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h
  - venres: de 09:00 h a 14:00 h
- Nas oficinas das delegacións provinciais, de luns a venres, en horario de 09:00 h a 14:00 h. Estas atópanse nos seguintes enderezos:
  - Estrada N-VI, Km 581, Guísamo - Bergondo (A Coruña)
  - Polígono industrial do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17; Lugo
  - Polígono de San Cibrao das Viñas, sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), parcela 1-G, nave 3, San Cibrao das Viñas (Ourense)
  - Lg. Cabanas – Salcedo, 54; Pontevedra

O derradeiro día de presentación de emendas e/ou reclamacións será o mércores, 04 de outubro.

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

#### **Cuarto: Requirimento**

De conformidade á Base Quinta, 2.b), deberase entregar a Vida Laboral Actualizada.

Requírese ao candidato sinalado no Anexo co código (2) á nova presentación desta, actualizada.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Martín Martínez Abal



Presidente da Comisión